

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 26 de xullo de 2019 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

Mediante a Orde do 10 de xuño de 2019 (anunciada pola Resolución do 10 de xuño de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no *Diario Oficial de Galicia* núm. 114, do 18 de xuño) convocouse o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica, 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, publicouse no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o baremo provisional dos méritos xunto coa proposta de adxudicación provisional de postos. Revisadas as reclamacións presentadas, con base no disposto polo artigo 7 da citada convocatoria,

DISPOÑO:

Primeiro. Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva das postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8 da citada orde, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2019, en réxime de comisión de servizos por un período dun ano e ata un máximo de seis, e con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro. Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido



na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO

Denominación do posto	Apelidos e nome	DNI oculto
1. E.E. Antonio Escaño (591202)	Niebla Saavedra, Juan	***2193**
2. E.N. da Graña (590106)	Sánchez Iglesias, Beatriz	***3867**
4.1. Complexo Hospitalario A Coruña	Lizancos Mora, Laura	***5893**
4.2. Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	Iglesias García, María Jesús	***4204**
5.1. C.P. M. José Rábade Arias	Losada Vázquez, Eugenio	***8251**
6.1. Secretaría Xeral para o Deporte (Santiago)	Ferrer Alonso, Santiago	***8541**
6.2. Secretaría Xeral para o Deporte (Lugo)	Lorenzo López, Carlos	***5684**
7.1. Delegación Territorial da ONCE: A Coruña	Blanco Álvarez, María Dolores	***1041**
7.1. Delegación Territorial da ONCE: A Coruña	Vidal Vidal, Paula	***3516**
7.2. Centro base da ONCE: Ourense	Silva Baldonado, María Lidia	***8047**
7.3. Centro recursos educativos "Santiago Apóstol": Pontevedra	Domínguez Besada, Ana Belén	***8859**
8. Centros Aspanaes	Touriño Pintos, Ana Belén	***4474**
9. Afexdi Santiago de Compostela	Girón García, María José	***2914**
12. Asesor Abalar Desenvolvemento	Fernández Albor, Víctor Manuel	***8951**
13. Coordinadora da área de equipos de dinamización da lingua galega nos centros de ensino non universitario da provincia de Pontevedra	Valiño Ferrín, Isabel	***8019**

